

**Humanización da
Fortaleza de Salvaterra**
Páxina 3

**Reforzamento das rúas
peonís e revitalización
do centro histórico
de Ponteareas**
Páxinas 4 e 7

**XVI Festa do Viño Tinto
Rías Baixas nas Neves**
Páxina 5

**ACiP denuncia vertidos
ao Río Tea**
Páxina 8

**O PP Ponteareas
rexeita aprobar a
Conta Xeral 2021**
Páxina 8

**Licitación de alumado
LED en Mondariz**
Páxina 9

**Covelo e a UVigo
promoven o
coñecemento científico**
Páxina 10

**A Cañiza aproba os
seus Orzamentos 2022**
Páxina 11



O Centro de Saúde entra na campaña electoral 2023 en Ponteareas

Páxina 13

Portugal - Alto Minho

**Nasce um dos "maiores
auditórios do Alto Minho"
em Cerveira**

Páxina 13

**Rui Lages já é o novo
Presidente da Câmara
de Caminha**

Páxina 14

**Em outubro há 'Foda'
no mês do Cordeiro
à Moda de Monção**

Páxina 16

**DUAL®
pik**

"Sin duda,
el mejor
colchón
de Pikolin."

CON DIFERENTES LECHOS PARA
CADA MIEMBRO DE LA PAREJA

Del 5 al 30 de octubre de 2022

**Os 25 días
¡más baratos do ano!**

pikolin

pikolin

Consultar modelos disponibles en la promoción

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

CONDADO/PARADANTA

Recepción a Lucía Rodríguez, medallista europea de bádminton

O Concello de Salvaterra de Miño recibiu a Lucía Rodríguez, quen ven de lograr a Medalla de Bronce por Equipos Junior e Medalla de Ouro por Parellas Junior no Campionato de Europa celebrado en Belgrado a finais de agosto, representando á selección española.

É a primeira vez na historia do bádminton feminino español na categoría junior, que unha parella logra acadar o máximo escalafón dun campionato desta magnitude. A moza salvaterrense, acompañada da súa nai Geli, estiveron un bo tempo conversando e repasando todo o proceso coa Alcaldesa Marta Valcárcel, e o Concelleiro de Deportes Edgar Martínez, que nes se mostraban unha vez máis abraizados pola humildade que proxecta Lucía logo dun éxito tan importante coma este.



No horizonte máis próximo está Santander, do 17 ao 30 de outubro, onde se celebrará o MUNDIAL e onde Lucía estreará a súa condición de Campiona de Europa para participar en varias modalidades.

Por outra banda, a partir do 26 de setembro, o Concello de Salvaterra de Miño retomou as

actividades para maiores no Centro Social do Maior en Leirado, e amplía actividades no centro da vila como memoria, ximnasia, pilates e pintura en Leirado.

En Salvaterra ofertárase para maiores memoria e novas tecnoloxías, que se realizarán na Biblioteca municipal. Ademais creárase un taller de teatro.

Volve a Biblioteca viaxeira

Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño pon en marcha o seu programa "A Biblioteca Viaxeira" a través do programa ler conta moito, co fin de chegar a todas

as parroquias actividades dinamizadoras da lectura

O programa deste ano arrancou o 21 de setembro na Biblioteca Municipal e visitará Porto, Pesqueiras, Fornelos e Lira.

Horario de inverno no Espazo Lúdico Termal

O Concello de Salvaterra de Miño informou que no mes de outubro o Espazo Lúdico Termal pasa ao horario de Inverno, co cal a partir do día un os usuarios poderán desfrutar das instalacións en horario de 10.00 a 13.00h e de 17.00 a 21.00h.

Dende que se abriron as instalacións o pasado mes de xullo

foron máis de 10.000 persoas as que pasaron por Teán – Oleiros para desfrutar dunha instalacións modernas que ofrece aos visitantes a tranquilidade necesaria para desfrutar dos 22.000 m2 cadrados de zona verde, con tres pozas de auga que brota de maneira natural entre os 44 e 42 graos que gozan de condicións terapéuticas.

Festa da esfolada e recolleita do millo en Corzáns

Tras o éxito da XIV festa da sementeira, celebrada no mes de maio onde acudiron máis de 10.000 persoas durante toda a fin de semana. A asociación cultural Quinta do Piñeiro, vai celebrar o vindeiro día 30 de Outubro unha nova edición da Festa da esfolada e recolleita do millo na área recreativa muiño do ponte, en Corzáns.

Será un día cargado de actividades, as 11:30 comezará a reco-

lleita e a esfolada do millo acompañados do grupo Naiama. A sesión vermut virá amenizada polo grupo Pédépôte. Ademais, ao igual que en anteriores edicións a asociación ofrecerá unha serie de manxares aptos para todos os públicos.

Xa na parte da tarde, os mais cativos serán os principais protagonistas xa que contarán con animación infantil ao mesmo tempo que o grupo Naiama volverá a

tocar outra vez.

Unha vez finalizada a actuación de Naiama, Romer dará unha charla con demostración sobre o funcionamento dos muiños. Para finalizar un día de troula, Son das tabernas volverán a poñer o broche final a un día cheo de troula, así mesmo dende a Asociación faran un magosto con castañas gratis para todos os asistentes e Romer rematará a festa con unha queimada e un conxuro.

Obras de mellora no camiño O Cordeiro-Ferreiros

O Concello de Salvaterra de Miño ven de iniciar as obras de asfaltado de máis dun quilómetro do camiño municipal que une O Cordeiro con Ferreiros. Con esta acción mellorárase o servizo ofrecido por esta infraestrutura aos seus usuarios, xa que se trata dun vial cunha relativamente elevada densidade de tráfico en relación as súas características, conta cun orzamento de execución de máis de 71.000€.

Esta obra está financiada con



cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2022-2023 e achega municipal con cargo ao orzamento do Concello.

INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GNS **GALICIA**
NAI SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

SALVATERRA DE MIÑO

Humanización da Fortaleza de Salvaterra

O pleno da Corporación aprobou o Acordo de Cooperación para a realización das obras de humanización da Fortaleza de Salvaterra de Miño.

O 26 de setembro o Grupo de Goberno levou ao Pleno da Corporación a aprobación do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a realización das obras de Humanización da Fortaleza de Salvaterra. Unha obra de máis de 600.000€ que se executará



entre o ano 2022 e o ano 2023.

As obras a realizar encóntranse dentro do proxecto de Rehabilitación das murallas da fortaleza de Salvaterra de Miño 3ª fase e que pretenden acondicionar o ámbito

das rúas, mediante a pavimentación de lousas de pedra, canalización subterránea das infraestruturas e alumeadado público. Acondicionar o ámbito da praza da Oliva, substituír o actual asfalto por un pavimento de terra na inmediación da porta de entrada.

Con estas actuacións preténdese mellorar a calidade ambiental do recinto, revitalizando o seu uso residencial, plantaranse 3 olivos que seguirán a antiga trama das edificacións preexistentes e mellorarase un entorno que a día de hoxe é un dos atractivos turísticos do municipio.

Obradoiro de emprego en Salvaterra



En outubro deu inicio en Salvaterra de Miño o Obradoiro dual de Emprego para o ano 2022/2023, cunha financiación de máis de 500.000€

Salvaterra Emprega II é unha clara aposta do grupo de goberno pola formación, que se enmarca dentro das políticas activas de emprego que está realizando o Concello, e que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización dun traballo efectivo, que xunto coa formación pro-

fesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procura a súa cualificación profesional e favorece a súa posterior inserción laboral.

Salvaterra emprega II terá unha duración prevista de 12 meses, onde se pretende formar a 20 persoas desempregadas nas especialidades formativas no ámbito Forestal e de Xardiñaría. Con este obradoiro o alumnado traballador adquirirá os coñecementos necesarios mediante a realización de tarefas que responderán á prestación do servizo en si.




SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Logopeda, Psicóloga, Terapeuta Ocupacional

CONCELLO DE ARBO	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	CONCELLO DE CRECENTE
HORARIO ATENCIÓN: LUNS e MÉRCORES de 8:00 a 18:30	HORARIO ATENCIÓN: MARTES e XOVES de 8:00 a 18:30	HORARIO ATENCIÓN: VENRES de 8:00 a 14:00
LOCALIZACIÓN: CEIP Antonio Carpiñero Rúa Miguel Davila s/n 36430. Arbo. Pontevedra	LOCALIZACIÓN: Baixo Xulgado de Paz, Rúa Fonte da Vila nº14. 36450. Salvaterra de Miño. Pontevedra	LOCALIZACIÓN: CEIP Manuel Sleiro, Rúa García Neira nº23 36420. Crecente. Pontevedra

CONTACTO: 676 229 041
sat.grupoarbo@coescotoformacion.com









Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com




Capital histórica do Condado





CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas revitalizará o centro histórico

Alcaldesa Cristina Fernández Davila, e concelleiras e concelleiros do goberno municipal acompañaron ao equipo técnico nunha charla aberta á veciñanza para informar das axudas, contías e procedementos de solicitude das subvencións para a rehabilitación de vivendas ou edificios situados na Área de Rehabilitación Integral da zona vella de Ponteareas (ARIZV).

Nestes intres a zona vella está ben delimitada na ARI, integrada por case 93.000 metros cadrados no núcleo histórico da vila con case 520 vivendas agrupadas en 74 edificios de uso residencial colectivo, 133 unifamiliares, 5 edificios de equipamentos e 16 destinados a outros usos que po-



derán beneficiarse das liñas de axudas abertas.

O Concello traballa tamén na declaración de Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) coa que se optará a fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que permitirá ofrecer novas subven-

cións para a rehabilitación de inmobles. A declaración de ERRP permitirá ao Concello dispoñer dunha oficina de información das axudas de rehabilitación dispoñíbeis para persoas residentes e propietarias tanto das zonas declaradas ARI ou ERRP como de fóra destas áreas.

Rodrigo Iglesias, novo director da Banda de Música Xuvenil de Xinzo

Ovigués Rodrigo Iglesias (1994) substituirá ao ata agora director da Banda de Música de Xinzo Javier Blanco como novo director, á espera de que en xaneiro, a Banda de Xinzo abra as probas para a elección definitiva de director.

Iglesias conta cun destacado currículo, con estudos musicais en Valladolid, continuou a súa formación como trompetista no Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde obtivo o premio de Fin de Grao; en 2018 o grao Superior no Conservatorio Superior de Música de Vigo, sendo recoñecido cun galardón similar, o Premio



Extraordinario de Fin de Grao Superior. A isto, súmase o seu paso por orquestras tan importantes como a Orquestra Joven da Sinfónica de Galicia ou a Orquestra Joven Leonesa, así como a súa colaboración aínda a día de hoxe noutras como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia ou a Orquestra Sinfónica de Extremadura. Ademais, traballa como profesor de trompeta en varias escolas de música.

Co seu novo director ao mando, a Banda de Xinzo céntrase xa na próxima gran cita: o concerto anual en honra a Santa Icí, que terá lugar a finais de novembro.

Obras de mellora da eficiencia enerxética no Centro de Día

Alcaldesa Cristina Fernández Davila asinou xunto a Jonathan López, redactor do proxecto técnico e director de obra, e Marcos Veloso, representante da empresa adjudicataria Impervelper a acta de replanteo que autoriza o inicio das obras de mellora da eficiencia enerxética do Centro de Día, situado na rúa Santa Ana.

Os traballos de reforma para esta mellora da eficiencia enerxética terán un prazo de execución de 4 meses e suporán un investimento de máis de 47.000 euros cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa EDUSI 'Ponteareas, Hábitat Saudábel'. O obxectivo é que Ponteareas se situe nun dos es-



tándares de sustentabilidade máis altos fixados pola Unión Europea, seguindo os obxectivos da estratexia 'Ponteareas, Hábitat Saudábel'.

Os globos de San Miguel desafían o vento

Oceo de Ponteareas encheuse un ano máis de cor co lanzamento este 29 de setembro dos tradicionais globos de San Miguel, un espectáculo que marca a recta final das Festas de Setembro que este ano volveu ter como escenario unha Praza de Bugallal ategada de público.

Os cinco globos de papel de seda desafiaron ao forte vento da xornada para sucar os ceos da vila e da comarca, aínda que con diferente sorte: mentres tres dos globos ascenderon ata que o público os perdeu de vista, as outras dúas pezas apenas con-



seguiron subir uns metros ao producírense continuos refachos de vento. Tras o lanzamento de globos as festas continuaron cun amplo programa de actividades no que a música e as actividades para toda a familia cobran unha gran relevancia.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Comercio 2-32-000028
PONTEAREAS
rúa sanán canido, 4

CONFITERIA Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Joder, que tropa!!!!

A expresión que dá título a este comentario –editorial ou como Vdes. queiran denominalo– foi pronunciada polo Conde de Romanones: político, empresario e terratenente español que obedecía ao nome de Álvaro Figueroa y Torres. Monárquico ata a médula, foi ministro en cáseque todos os ministerios, presidente do Goberno e do Senado. Acompañou ao rei Alfonso XIII na súa saída de España e logo voltou ás Cortes.

Pero a famosa frase que pasou á historia pronunciouna co gallo da súa intención de entrar na Real Academia.

Varios membros da mesma aconselláronlle que debería facer unha visita aos demais membros e solicitarlle, dalgún xeito, o seu apoio. Cousa que fixo. Obviamente, todos lle aseguraron o voto polo que o día da votación estaba seguro de saír elixido.

A súa sorpresa maiúscula produciuse cando o seu secretario


se lle achega e dille “Excelencia, tráiolle unha mala noticia, non gañamos”. “Pero cantos votos sacamos?”, preguntou Romanones: Ningún, respondeu o secretario. Pero se todos me aseguraron me ían votar...Joder, que tropa!!! Foi a resposta do político traizoado polos que lle prometeran o voto.

Na política actual e na de sempre este tipo de casos danse con demasiada frecuencia. Claro que non chegamos a coñecer tódolos casos porque os protagonistas non o fan público por vergoña. Xa é de dominio público aquela frase que se lle atribúe a Cabanillas de “cuerpo a tierra que vienen los nuestros”, ou ben aquela outra que tamén se di ten a Churchill como autor orixinal de “existen amigos, enemigos y compañeros de partido”.

Maquiavelo deixou escrito: “Eu non digo nunca o que creo, nin creo nunca todo o que digo, e se se me escapa algunha verdade de vez e cando, escóndoa entre

tantas mentiras que resulta difícil recoñecela”.

Foi un personaxe que non perdeu vixencia. Hoxe podemos apre-



ciar como se compren as súas recomendacións sobre a vida política. Precisamente polos seus coñecementos dos clásico gregos e latinos conseguía o favor dos políticos de turno. Isto non o librou de ser perseguido, encarcerado e ata condenado a morte por traizón. Foi entón cando decide retirarse ao campo e alí escribir

o seu libro famoso “El Príncipe”, no que verteu todos os seus coñecementos sobre a política mandando copias ao Médicis para conseguir o seu perdón que finalmente non consegue.

Cando un político se comporta dunha maneira pouco honesta e non ten reparo en traizoar aos seus compañeiros de partido sempre se di que ten ideas maquiavélicas tal foi a influencia de Maquiavelo no eido da política e das relacións entre o Poder e os súbditos ou cidadáns.

Frases como: “Los príncipes (léase os políticos) deben executar por medio de outros as medidas que poidan acarrearlles odio pero executar por si mesmos aquelas que lle reporten o favor dos súbditos (cidadáns)”. Isto vémolos tódolos días. O cargo político que está no cumio non se molla; manda aos subalternos que se enfronten aos cidadáns sobre todo

cando estes están cabreados por algunha chapuza que lle chega dende o Poder político. Sen embargo, cando se trata de recibir os aplausos do éxito que os seus subalternos traballaron e conseguiron, entón é cando aparecen saudando, dando bicos aos nenos e ofrecendo o seu sorriso máis hipócrita.

As inxustizas, dicía Maquiavelo, hai que facelas todas a vez a fin de que, por probalas menos, fagan menos dano, mentres que os favores deben facerse pouco a pouco para que poidan ser máis apreciados.

Nestes momentos están comezando os “preparativos” cara as vindeiras eleccións municipais en todo o Estado. O patio xa anda revoltado; xa se teñen presentados os candidatos e xa están facendo promesas.

Cal vai ser o papel que debamos xogar neste xornal para que todo saia ben? Con Maquiavelo ou sen Maquiavelo.



As Neves celebrará a XVI Festa do Viño Tinto Rías Baixas

O Concello das Neves celebrará os días 11 e 12 de outubro, a XVI Festa do Tinto das Rías Baixas que, como nos tres últimos anos, terá o seu día central mércores 12. A programación abrangue gastronomía, música, andainas, xogos, propostas de cultura urbana, actuacións

e actividades para cativos.

No acto de presentación na Casa da Xuventude estiveron presentes a concelleira de Cultura Rocío Barreiro, o primeiro tenente de alcalde, Marcelino Couto, e representantes das catro adegas das Neves que estarán presentes nesta edición: Viña Nora, Chan

de Vide, Señorío de Rubiós e Entrevideiras.

O espazo gastronómico e de degustación na Praza Maior estará aberto durante todo o día e haberá mesas para xantar, postos e pulpeiros, e que o día 12, o espazo de xogo para os cativos estará aberto toda a xornada.

expert  **SanFer**

986 648 270

R/ Entrecíns, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net



Viñedos Chan de Vide S.L.

Miguel Pérez Barros
Tel. 670 45 63 59

Chan de Vide nº 13 B
36446 As Neves

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

V obradoiro dual “Coidar de Nós”

O 3 de outubro comezaba a quinta edición do obradoiro dual Coidar de Nós, que por primeira vez estará dirixido de forma íntegra a veciños e veciñas de Ponteareas e que aposta por un cambio na súa temática para axear á realidade da demanda de emprego na contorna.

Nesta edición, estreouse o módulo de albanería mentres continúa o módulo de atención sanitaria co foco na atención a persoas dependentes en domicilio e en institucións sociais. En total serán 20 persoas que accederán a un contrato de formación en



alternancia a xornada completa durante 12 meses. Este obradoiro conta cun investimento de arredor de 50.600 euros financiados polo

Concello de Ponteareas e de case 504.000 euros pola Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Ponteareas fai novo inventario de camiños, parques e xardíns municipais

Alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, mantivo un encontro cos portavoces municipais para presentar-lles o borrador do novo inventario de camiños, parques e xardíns de titularidade municipal, un documento que actualiza a relación de bens municipais coa que conta actualmente o Concello, que data de 1958.

Cun custe de 52.000 euros financiados ao abeiro do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra, o proxecto permitiu catalogar os bens e espazos de titularidade municipal despois de varios meses nos que se levaron a cabo os traballos de investigación, identi-



cación, comprobación, revisión, actualización e ordenación dos bens a incluír neste Inventario Municipal de Vías Públicas do Inventario de Bens do Concello de Ponteareas.

Este inventario foi presentado ademais ante a veciñanza en

todas as parroquias para contrastar o documento cos usos habituais en cada unha delas. O inventario municipal será levado a pleno para a súa aprobación provisional, tras a que se abrirá un período de exposición pública antes da aprobación definitiva.

En marcha o Centro de Dinamización Empresarial

O Concello de Ponteareas dá un paso máis na transformación do edificio da Praza Maior número 13 no futuro Centro de Dinamización Empresarial de Ponteareas. A alcaldesa Cristina Fernández Davila asinou xunto a Jesús Irisarri, arquitecto e director de obra, e Marcos Veloso, representante da empresa adjudicataria Impervelper, a acta de replanteo que autoriza o inicio das obras de reforma e rehabilitación do inmoble.

Os traballos de reforma terán un prazo de execución de 8 meses e suporán un investimento de case 390.000 euros cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa EDUSI 'Pon-



teareas, Hábitat Saudábel'. O Centro de Dinamización Empresarial contará con espazos de traballo, coworking e oficinas de viveiro de empresas, unha oficina de asesoramento, unha sala de formación modular e versátil ou unha zona para albergar o servizo SmartPeme, entre outros espazos.

O mercado ambulante volve á Praza de Bugallal

Alcaldesa, Cristina Fernández, reuniuse cos integrantes do mercado ambulante para comunicarlles o cambio de localización dos postos, que volven á Praza de Bugallal.

Este cambio afecta aos postos do sector téxtil que por mor das obras de transformación da praza foran reubicados noutros espazos nos que estaban mesturados cos postos doutros sectores de venda.

O sábado 24 de setembro os postos situáronse na Praza de Bugallal, na que se habilitarán catro fileiras de postos de 35 metros de longo cada unha que permitirán aglutinar nun só espazo a todos os postos ambulantes do sector téxtil. Pola súa banda, os postos das ramas da alimentación e de plantas manterán a súa actividade na súa ubicación actual, nas rúas Estrada e Morales Hidalgo.



**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



**Talleres
Guiller Motor**



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41



TALLERES

PONTEAREAS

Reforzamento das rúas peonís

Coa finalidade de recuperar o espazo público para as persoas e lograr o chamado do tráfico de vehículos autorizados como repartidores e usuarios de garaxes, no centro urbano, o goberno municipal de Ponteareas instalou nas últimas semanas un total de 21 bancos repartidos por nove rúas peonís da vila, que se engaden aos 57 bancos, tanto en madeira como en pedra, instalados nos últimos tres anos nos traballos de humanización do Paseo Matutino, a Praza Dr. Fernández Vega, diante do Mercado, a rúa San Roque, a Rúa Redondela, a Praza de Bugallal ou o Complexo Deportivo Álvaro Pino e o Centro de Saúde.

A estes bancos sumáranse antes de fin de ano outros 17 na rúa Trobador Xoán García de Guillade



e no camiño escolar até preto do alto da Gloria, actualmente en obras. En pouco máis de tres anos, Ponteareas incrementou en case o triplo o número de bancos en rúas, pasando de 33 a 87, e case nun 50% o total de bancos incluíndo parques e prazas, pasando de 194 a 289.

O Goberno prevé continuar coa instalación de máis bancos nos vindeiros meses, para paliar un déficit histórico que se reflicte en exemplos tan significativos como a Avenida de Castelao e a Avenida Bouza Brey onde, en máis dun quilómetro de percorrido, só existen dous bancos.

Ponteareas reafirmouse como referente deportivo



Ponteareas acolleu con éxito as probas dos campionatos de natación, ciclismo e tenis disputadas estes 17 e 18 de setembro.

O sábado 17 foi a quenda das e dos apaixonados da natación. A praia fluvial da Freixa acolleu a etapa final do Circuito Galego Arzúa-Ulloa de Augas Abertas, na que se deron cita as e os principais favoritos da

competición celebrada durante todo o verán en distintos puntos de Galicia.

O ciclismo foi o protagonista o domingo 18 coa celebración da etapa final da Volta a Galicia. Intenso tamén foi o XIII Torneo Concello de Ponteareas de Tenis, que poñía este domingo 18 fin a varios días de competición con máis de 100 deportistas participantes de todas as idades.

Unha maneira de facer Europa
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

"Agora a xente pode subir cos carros, coas cadeiras de rodas... antes era unha rúa intransitábel"

Gabriel Durán

Mellora da accesibilidade urbana, equipamento, saneamento e substitución de antigas luminarias por luces led na rúa San Roque

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACiP denuncia vertidos ao Río Tea e a "perigosidade" dun pozo sen tapiar

O líder de Alternativa Ciudadana de Ponteareas (ACiP) Juan Carlos González Carrera demandou que o Concello de Ponteareas arranxe a maior brevedade posible a mini-depuradora municipal na parroquia de Prado, que está realizando vertidos a gran proximidade do río Tea ante o risco de maiores problemas medioambien-

tais debido aos resultados desfavorables das analíticas.

Indicou que o goberno municipal ten establecido un contrato cunha empresa externa, a cal recibe unha elevada factura das arcas municipais, para o suposto mantemento de todas as mini-depuradoras instaladas nas diferentes parroquias nos últimos anos. Acusou igualmente de "inac-

ción" á alcaldesa e a parte dos seus concelleiros.

Pozo sen tapiar

En agosto pasado, ACiP fixose eco mediante escrito ante o goberno municipal da denuncia feita por varios veciños sobre a existencia dun pozo sen tapiar nunha parcela privada lindante coa do parking público da rúa Braña pola que a diario transitan



centos de viandantes, sen recibir ata agora resposta por parte da alcaldesa Cristina Fernández Davila.

ACiP denunciou a perigosidade

deste feito ante o inicio do curso escolar acusando de "pasotismo" e de inacción ao goberno municipal por non atender estas demandas de seguridade viaria.

O PP rexeita aprobar a Conta Xeral 2021

No pleno do 27 de setembro, o PP Ponteareas amosou a súa posición ante diferentes puntos a tratar, destacando a votación en contra da Conta Xeral 2021 presentado polo goberno municipal.

Toda vez votaron a favor de declarar de especial interese a obra en Centro Cultural Xinzo; a súa abstención sobre a aprobación do inventario municipal Camiños, Parques e Xardíns; a votación a favor da Ordenanza Reguladora da

segunda actividade dos empregados públicos, do Plan Estratéxico de Subvencións, da moción do PP para solicitar ao Estado que nos Orzamentos 2023 se reserven cartos para a mellora da N120 e para construír a Variante, da moción BNG para pedir mais médicos e mais orzamento para o Centro de Saude de Ponteareas e da moción do Goberno para pedir á Xunta orzamento para determinadas actuacións e infraestruturas.

Os "populares" tamén presen-

taron rogos solicitando a instalación de vestiarios nas Pistas de Tenis de A Freixa, para retirar definitivamente as minixardineras colocadas en diferentes rúas, por ser un perigo para os peóns, para os vehículos particulares e para os vehículos de emerxencia e finalmente para que o Goberno municipal impulse novamente o Concurso de Gaitas, que por primeira vez en 55 anos non se vai celebrar. Por falta de tempo este punto pasou para o seguinte pleno.

Avelaíña achégase á historia de Ponteareas

Un grupo de 15 usuarios e usuarias da Asociación Avelaíña visitaron as instalacións do Museo Municipal de Ponteareas e realizaron un percorrido no que se achegaron á historia da vila dende o paleolítico ata a actualidade, pasando pola cultura castrexa ou pola época medieval.

Para dar a coñecer a gran riqueza histórica de Ponteareas,



o Museo Municipal tamén organiza visitas guiadas polo centro urbano da vila, polo cemiterio municipal, á igrexa románica de Angoares ou ao Castro de Troña, entre outros espazos.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29
e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

PINTURAS BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

By Barriguiñas
Especialista en Ceremonia infantil, arras, comunión e bautizo

627053847

Maria Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

FERRETERIA EL PUENTE
GUISANFER, S.L.

Rúa Real, 91
36860 Ponteareas
Pontevedra

986 640 192 - 665 170 107
elpuente@guisanfer.com

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/ Amado Garra nº1, Ponteareas - 986 662 47

MONDARIZ

Licitación de alumado público LED en Mondariz

Mondariz leva a licitación catro proxectos de aforro e eficiencia enerxética que chegan ao millón e medio de euros e representan o maior investimento público feito no Concello de Mondariz en décadas. Están cofinanciados nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e, unha vez executados, suporán un importante aforro do 70% na factura eléctrica municipal.

O primeiro dos catro proxectos do Concello de Mondariz para mudar a LED toda a rede municipal de alumado público e aforrar até un 70% na factura eléctrica municipal xa está en proceso de licitación, e os tres restantes saíran a concurso público durante ese mes para cumprir cos prazos establecidos.

O proxecto en fase de licitación corresponde ás parroquias de Mouriscados, Meiról e Vilasobroso, e o seu importe total ascende a 324.219,98€. Como nos restantes



proxectos relacionados co cambio a LED do alumado público en todo o territorio municipal, o 80% está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –272.540,78€, neste caso– e o 20% asúmese con fondos propios. O prazo máximo para entregar as obras executadas será o 31 de xullo de 2023.

Antes de final de mes está previsto que se liciten tamén os outros tres proxectos solicitados e concedidos para cambiar a LED o alumado público das parroquias de Riofrío, Vilar e Frades

(337.196,17€); Lougares, Sabaxáns e Gargamala (339.969,28€); e Mondariz (490.812,27€).

Durante o mandato anterior xa se tramitara un proxecto de instalación de luminarias LED a través dun programa da Deputación de Pontevedra, que se atrasou na súa execución por problemas derivados da propia planificación do proxecto. Trátase da instalación de luminarias LED en 134 puntos de luz dos barrios de Lordelo e Aboal, na parroquia de Toutón, que non incluíu a renovación dos cadros eléctricos e outros elementos.

ELM Vilasobroso aforrará 4.831€ en impostos por licenza de obras



Co apoio de Alternativa por Mondariz (AporM), a Entidade Local Menor (ELM) de Vilasobroso solicitou ante o Pleno da Corporación Municipal que o Concello de Mondariz bonificase co 50% da cota do ICIO a liquidación provisional deste imposto municipal para o proxecto da ELM de Vilasobroso na antiga Escola de Valiño. O Concello reclamáballe á ELM 9.663,50 euros pola concesión da licenza de obra.

Na liquidación provisional do ICIO que inclúe a resolución do Concello de Mondariz non se

recollía ningún tipo de bonificación, cando o proxecto que se está a executar reúne os requisitos de interese social e cultural ás que se refire o art. 7.1 da ordenanza municipal que regula o ICIO (BOP nº 247 do 28.12.2006).

Por tanto, esta iniciativa foi aprobada por unanimidade dos membros da Corporación, o que suporá que a ELM de Vilasobroso aforrará 4.831 € en impostos por esta obra. Este aforro vaille permitir investir en melloras na obra que está a realizar na escola de Valiño.

Cinema, cultura, festas e deporte este outubro en Mondariz

Regresan en outubro as proxecións cinematográficas no Auditorio Municipal de Mondariz. Os venres 7 e 21 de outubro están programadas noites de cinema clásico, coa proxección de comedias míticas de Charles Chaplin ("O circo", 1928), Buster Keaton ("O moderno Sherlock Holmes", 1924) e dos irmáns Marx ("Unha noite

en Casabranca", 1946).

Tamén están programados tres espectáculos familiares, dous deles nos marcos dos programas FalaRedes e Ler Conta Moito. O día 15, a Praza de Abastos de Mondariz acollerá o espectáculo lúdico e musical "Xogar e aprender en galego mola". O día 22, Mago Paco presentará o seu espectáculo "Maxia

Divertida: Contamaxias". E o día 31, o Concello anima aos máis cativos a celebrar o Samaín co espectáculo "Esqueteles bailade", de Animar-T, no auditorio.

Tamén está a participación veciñal coa V Marcha BTT "Montes de Mondariz" este 12 de outubro, organizada pola Asociación Deportiva Mondariz co apoio

do Concello de Mondariz. Por outra banda, o 23 de outubro, o Mondariz FC organiza a súa tradicional Festa dos Callos xunto á igrexa de Mondariz. E o 29 deste mes, a Comisión das Festas de Mondariz 2022-2023 recadará fondos cunha festa na Praza de Abastos inspirada nos anos 60, 70 e 80.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

CAFÉ
C.A.S
RESERVAS Y PEDIDOS
604 07 93 04
DESAYUNOS
MENU DEL DIA
FINES DE SEMANA
MENU ESPECIAL
COMIDA PARA LLEVAR
Rúa Vdales Tomé Nº 4, 36362 - Ponteareas

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
■ PERITAJES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
Teléfono 630 485 211 obrasmgate@hotmail.com

CONDADO/PARADANTA

904.444€ en tecnoloxía LED en Covelo

Novo respaldo da administración do Estado ao Concello de Covelo que vén de conseguir o apoio do IDAE, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do goberno de España, para o cambio a tecnoloxía LED da iluminación pública exterior.

Dando cumprimento aos compromisos adquiridos no Pacto das Alcaldías polo clima, o goberno de Covelo presentou o proxecto ao IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía de España, entidade pública empresarial, adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica) que acaba de concederlle 904.444€, subvencionando así o 100% do importe



solicitado.

O concello actuará en 1.398 puntos de luz dos 1.563 existentes para substituír as luminarias actuais por novas de tecnoloxía LED, as restantes xa contan con esta tecnoloxía. Ademais, tamén reformará 81

dos 84 cadros existentes para adaptalos á normativa vixente e instalárase un sistema de telexestión en cabeceira que permite obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos.

Roteiro guiado de observación estelar en Covelo

Organizada polo Concello de Covelo, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o GDR Condado Paradanta, este 1º de outubro un total de trinta persoas asistiron ao roteiro guiado e observación estelar no alto do Castelo do

Faro. Esta proposta, ademais, está deseñada dentro da estratexia de promoción turística que o goberno de Covelo desenvolve tanto en tempada alta como baixa.

Partindo da igrexa de Prado, os participantes subiron ao mi-

radoiro paisaxístico do Faro, o punto xeodésico máis alto de Pontevedra con 1.154m de altitude situado na parroquia de Prado para observar de madrugada o firmamento da man da Federación Galega de Astronomía e Radioastronomía.

A App “Toponimízate” chega a Covelo

O Concello de Covelo convidou a participar este 30 de setembro no programa “Toponimízate” que permitirá á cidadanía coñecer o manexo dunha aplicación de teléfono móbil na que rexistrar os nomes dos nosos barrios e lugares, coa finalidade de rescatar a riqueza da nosa toponimia.



A charla informativa correu a cargo do coordinador da unidade técnica de toponimia do Seminario de Onomástica da

Real Academia Galega (RAG), Vicente Feijóo Ares. Esta campaña informativa é organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega e na que tamén participa o Concello de Covelo.

Ademais de dar a coñecer a aplicación “Galicia Nominada”, Feijóo Ares explicou ao público asistente o significado dos toponimos maiores do concello.

Reabre o serradoiro dos Carranos

As xornadas de portas abertas no Serradoiro dos Carranos iniciada este 2 de outubro están organizadas polo Concello de Covelo e financiadas pola Deputación de Pontevedra (liña de subvención Plan Concellos) para o ano 2022. Ás visitas

guiadas ao serradoiro enmárcanse na programación conxunta de promoción turística e do patrimonio cultural e natural que tamén ofrece as rutas do Museo Pazo da Cruz e as de observación das estrelas da man da Asociación Galega de Astronomía.

Covelo e a UVigo promoven o coñecemento científico



O alcalde, Pablo Castillo, e o reitor da Universidade de Vigo, Manuel J. Reigosa, asinaron o convenio sobre o Programa Universitario para Maiores de promoción de coñecemento científico co obxectivo de realizar actividades e proxectos, cursos, conferencias e seminarios dirixidos a persoas maiores de 55 anos.

Neste sentido, o rexedor de Covelo subliñou a importancia deste contacto estreito cos “concellos pequenos”, que permite “abrir a Universidade a toda a súa contor-

na”. Enmarcado no proxecto “Mareas de coñecemento e experiencia” da UVigo, permitirá o desenvolvemento de tres seminarios con temáticas diferentes: tecnoloxía e uso de ferramentas no teléfono móbil; arte e historia, afondando no patrimonio histórico cultural de Covelo; e Saúde e o Benestar.

Este programa de democratización do coñecemento, que conta cunha subvención da Consellería de Política Social e Xuventude, xurdiu no marco da Rede Galega de Programas Universitarios para Maiores en 2018.

En marcha as obras do Centro Social para Maiores de Arbo



O Concello de Arbo avanza na rehabilitación do edificio sito no lugar da Chan, que se converterá no novo local do Centro Social para a Terceira Idade e Punto de Atención Infantil (P.A.I). O Concello inviste 327.577,25 € nesta reforma integral do edificio.

Para o financiamento do investimento, o Concello de Arbo ten asinado un convenio co Consorcio Galego de Igualdade e de

Benestar da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, donde o Consorcio comprométese a achegar ao Concello a cantidade de 270.000,00€, sendo asumido por conta do Concello, 57.577,25 €.

A nova infraestrutura contará con 569 metros cadrados distribuídos en dúas plantas, con salón social, cafetería, salas de rehabilitación e de audiovisuais así como espazos de lectura e a futura gardería.

Convenio de colaboración entre Avelaíña e A Cañiza

O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, visitou o novo centro de Avelaíña en Ponteareas, para coñecer de primeira man os servizos que presta esta entidade, integrada por persoas con enfermidade mental, familiares, cuidadores e persoas sensibilizadas con este problema de saúde.

O Concello da Cañiza leva colaborando con Avelaíña dende hai máis de 7 anos, atendendo aos beneficiarios no Edificio Multiusos, da rúa Progreso, 21. Unha colaboración que se oficializou por primeira vez en xuño de 2021 coa sinatura do 1º Convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade e que contempla a achega dunha subvención anual de 1825,49€ e a cesión gratuita da instalación municipal para a atención do servizo.



O Concello da Cañiza, xunto con outros Concellos da Comarca, tamén colaboran economicamente co Centro de Ponteareas para axudar ao mantemento da entidade achegando unha cota anual para o pago de aluguer das novas instalacións asistenciais.

Estes servizos son o Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL) inaugurado en marzo de

2022, de atención diurna, con 30 prazas concertadas co SERGAS e dirixido a persoas con trastorno mental grave, de idades comprendidas entre os 16 e os 60 anos.

E o outro servizo, igualmente importante é o desenvolvido a través do Programa Achego. Un programa de atención comunitaria á saúde mental, no rural, que comezou a súa andadura no ano 2016.

A Cañiza aproba os seus Orzamentos 2022 por 7.212.517,79€.

No Pleno extraordinario celebrado este 3 de outubro a Corporación Municipal da Cañiza aprobou definitivamente o Orzamento para o exercicio de 2022 cos 7 votos a favor do equipo de goberno e o voto en contra dos 5 concelleiros da oposición. Este orzamento aprobouse inicialmente no Pleno celebrado o pasado 2 de setembro, estando en período de alegacións ata o pasado venres.

A entrada en vigor do Orzamento Municipal para 2022 recolle a subida salarial do 2 %, aplicada desde xaneiro, establecida nos Presupostos Xerais del Estado de 2022 así como a creación dunha praza de funcionario administrativo. Tamén se dedica unha importante partida aos servizos sociais, sobre todo á atención dos nosos maiores e ás persoas en situación de exclusión social. O

máis importante deste Orzamento é a partida destinada a Investimento cun Anexo que alcanza os 3.263.571,69 € e que ten como obxectivo mellorar as infraestruturas e servizos públicos locais.

Desta cifra se descontan 1.236.506,39 € que corresponden á renovación do alumeadado público de Cañiza, Petán e Oroso que xa aparecían nos Orzamentos do 2021 e que volven para este exercicio 2022 para así poder financiarlos cun préstamo bancario que se amortizará tan pronto o Instituto de Diversificación e Aforro Enerxético do Goberno de España abone ás subvencións que xa están concedidas pero que non se fan efectivas ata o remate e xustificación das obras.

Finalmente a Xunta de Galicia se compromete co Concello en 2022 con 387.314,09 para investimentos e programas.

Arbo aprobou os orzamentos 2022

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 29.07.2022, aprobou inicialmente o ORZAMENTO XERAL para o exercicio económico 2022 por seis (6) votos a favor, do grupo municipal do PP, e cunha (1) abstención do concelleiro do grupo municipal de AGRELAR.

Este orzamento conta cun im-

porte total de 4.443.088,39 €, que pon en marcha un ambicioso plan de investimentos para dotar de máis servizos ao municipio e máis equipamento as parroquias, garantir os mellores servizos públicos, manter as instalacións, pensados para atender as persoas e as súas demandas, sen subir impostos e impulsar o crecemento

estable e incrementar o crecemento económico.

O orzamento tamén prevé a concesión de subvencións económicas as asociacións e colectivos arbenses por máis de 60.000€. Como novidade contéplase unha subvención por importe de 1.200 € para a Asociación protectora de animais "Os Biosbardos".

"Coidados porta a porta" en Arbo

A unidade móbil de coidados sociosanitarios para maiores de 55 anos posta en marcha pola Xunta de Galicia baixo o nome de "Coidados porta a porta" visitará novamente o concello de Arbo, por segunda

vez, os días 29 e 30 de novembro e 1 de decembro e estará situado na Rúa Luís Cubelas.

Os servizos de esta unidade son audioloxía; podoloxía e prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

CONDADO/PARADANTA

O Centro de Saúde entra na campaña electoral 2023 en Ponteareas

Coas municipais 2023 á volta da esquina existe tensión no clima político ponteareán ante o futuro deste centro

A futura localización do novo Centro de Saúde de Ponteareas, acordado na parcela escollida polo executivo local ao pé da N-120 dentro do núcleo urbano, está 'quentando' o clima político na vila do Tea nun contexto cada vez máis condicionado polas eleccións municipais de maio de 2023.

O PP ao ataque

Particularmente activo, sobre todo nas redes sociais, estivo a principal forza política da oposición na Corporación Municipal, o Partido Popular de Ponteareas. Desde finais de setembro, o PP ponteareán ven difundindo unha publicación nun medio de comunicación sobre a advertencia realizada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en relación ás presuntas "dificultades urbanísticas" para a construción do novo Centro de Saúde.

Así, e a través das súas redes sociais, o PP advertiu que "nin o BNG nin o PSOE pasaron unha proposta firme por escrito coa localización definitiva" do novo Centro de Saúde. Toda vez acusou de "demagogia" ao goberno local, o PP ponteareán informou da ne-

cesidade deste centro para servizos sanitarios como a Unidade de Saúde Mental así como pediu máis médicos e orzamento.

Replicou igualmente as informacións da Xunta sobre a ocupación de tres vacantes de carácter fixo no actual Centro de Saúde de Ponteareas toda vez lembrou que o BNG se abstuvo de apoiar a solicitude do PP durante un pleno municipal de pedir á Xunta incluír a Ponteareas na adxudicación de persoal médico para o actual Centro de Saúde. Por outra banda, no pleno municipal do pasado 27 de setembro, o PP votou a favor da petición realizada polo BNG de prover de máis médicos e orzamento para o Centro de Saúde de Ponteareas.

O Concello reacciona...co PXOM como garantía

As reaccións a esta información da Xunta sobre a presunta "inviabilidade" dos terreos do novo Centro de Saúde non tardaron en chegar por parte do goberno municipal. A alcaldesa Cristina Fernández Davila (BNG) saiu ao paso aclarando que "non hai dificultades urbanísticas para o novo Centro de Saúde grazas ao novo PXOM"

sobre a localización "idónea" do novo Centro de Saúde "ao pé da N-120, a carón do acceso ao barrio de San Vicente e Canedo". Aduciu así a proximidade deste centro coa Estación de Autobuses.

En relación á Xunta de Galicia, a alcaldesa argumentou que esas "dificultades" anteriormente mencionadas eran de "carácter técnico e de trámites administrativos". Explicou que "a Consellaría propuxo mellorar a ordenación prevista no PXOM para que a nova construción se coloque nun lugar preeminente da parcela, idea que nós compartimos".

Aclarou igualmente que a Xunta estaba debidamente informada sobre a localización dos terreos do novo Centro de Saúde, desmentindo que o goberno autonómico informouse pola prensa. Informou así que en abril pasado o equipo técnico da Consellaría de Sanidade e do Concello de Ponteareas, xunto á propia alcaldesa e varios concelleiros, visitaron a parcela e que, uns días despois, o 2 de maio, o concelleiro, Julio Comesaña, aproveitando a súa visita ao Centro de Saúde de Ponteareas, visitou tamén os terreos



do novo centro de saúde. Dende entón fontes do Concello aseguran da fluidez de información e contactos coa Xunta de Galicia.

O PSOE sae ao paso do PP

Se o PP ampárase en criticar ao goberno municipal a través das informacións (e do evidente apoio político) por parte da Xunta, o PSOE de Ponteareas, socio do BNG no goberno municipal, aproveitou precisamente este feito para criticar a xestión sanitaria do goberno autonómico galego e así non quedar á marxe do debate político sobre o novo Centro de Saúde.

Particularmente visible foi esta posición durante o debate no pleno municipal do 27 de setembro sobre a Sanidade en Galicia e en Ponteareas. O PSOE criticou que o concelleiro do PP, Francisco Jesús Represas Carrera, se queixara da xestión en sanidade do goberno municipal afirmando que a situación é mala pero "vai ser peor". Os socialistas ponteareáns lem-

braron a Represas Carrera que a xestión desta área é responsabilidade da Xunta de Galicia.

Así, o PSOE denunciou que tan só catro facultativos atenden a unha poboación de preto de 23.000 habitantes cando este centro de saúde ten en plantilla a 15 facultativos. Informou así do "colapso" sanitario presentado o pasado 30 de agosto, cando tan só un médico prestaba os seus servizos.

Silencio en ACiP e EU

Sen entrar 'a trapa' no debate político pero non alleo ao mesmo, Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) e Esquerda Unida Ponteareas (que non está na Corporación Municipal) declinaron amosar unha posición sobre o tema do novo Centro de Saúde. Non obstante, e co novo curso político en curso, o tema do novo Centro de Saúde de Ponteareas eríxese como un asunto estratéxico para as formacións políticas ponteareáns de cara ao electoral 2023.

Adxudicada a obra da depuradora da Moscadeira

O consello de administración de Aguas de las Cuencas del Estado, ACUAES, dependente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, adxudicou por 8 millóns de euros o contrato para a redacción do proxecto, execución e posta en marcha das obras de mellora da estación depuradora da Moscadeira.

Entre as catro ofertas presentadas, ACUAES seleccionou finalmente á UTE Pesa Medioambiente S.A. - S.A. de obras y servicios, COPASA. A partir de agora o prazo previsto para que Ponteareas conte coa nova depuradora é de 30 me-



ses, xa que inclúe cinco meses para a redacción do proxecto construtivo, 19 meses para a execución de obra e outros 6 meses para a posta en marcha das instalacións.

Cun investimento total de 14,1 millóns na depuradora e os co-

lectores, segundo recolle o convenio entre Concello, ACUAES e Xunta de Galicia, esta actuación foi declarada de interese xeral do Estado e beneficiará a unha poboación de 20.000 habitantes equivalentes.

Desconvocada folga do lixo



Tras unha reunión de máis de cinco horas mantida entre a alcaldesa, Cristina Fernández, a empresa concesionaria e representantes sindicais a última hora do martes desconvocábase a folga xeral de recollida de lixo, limpeza viaria e punto limpo en Ponteareas.

As partes chegaron a un prin-

cipio de acordo sobre a negociación dun novo convenio que permita mellorar as condicións laborais e salariais do persoal antes de que remate a vixencia do actual documento, o vindeiro 31 de decembro. O día 11 de outubro todas as partes volverán reunirse para seguir traballando na concreción deses acordos.

Reabilitação das piscinas municipais quase a terminar

O município de Melgaço apontou para o final de 2022 a conclusão das obras de reabilitação das piscinas municipais, num investimento superior a dois milhões de euros.

Segundo a autarquia, trata-se da “primeira grande intervenção” desde a abertura das piscinas em 1994 e o objetivo da empreitada em curso é “dotar este equipamento de condições de excelência e de melhorias ao nível da eficiência energética, contribuindo para a redução da pegada ecológica”.

“O edifício tem mais de 30 anos e apresenta um elevado estado de degradação. É uma intervenção urgentíssima”, afirmou



anteriormente o presidente da Câmara, Manoel Batista, acrescentando que a intervenção vai proporcionar aos utentes “melhores condições para a prática do desporto e também de lazer”.

A conclusão das obras de re-

abilitação estava inicialmente prevista para o mês de julho, tendo o prazo sido alargado até final de 2022. “Se assim for, teremos as piscinas em funcionamento no início de 2023”, refere o município.

Valença requalifica marginal do rio Minho e ecopista



A Câmara de Valença abriu concurso público para a empreitada de requalificação e dinamização da marginal do rio Minho e da ecopista na freguesia de São Pedro da Torre, pelo valor base de 176 mil euros.

De acordo com o anúncio do concurso público publicado em

Diário da República, a empreitada pública visa a “melhoria da qualidade e fruição da frente ribeirinha em São Pedro da Torre, com acertos e reperfilamento do canal da ecopista existente, criação de zona de lazer e limpeza e consolidação de margens”.

O prazo de execução da intervenção é de 180 dias.

Nasce um dos “maiores auditórios do Alto Minho” em Cerveira

A construção já iniciada de um auditório com 408 lugares em Vila Nova de Cerveira, orçado em 2,7 milhões de euros, tem conclusão prevista até ao final do verão de 2023. Tratar-se de “um dos maiores auditórios do Alto Minho e um dos maiores investimentos na cultura nas últimas décadas”.

A intervenção, a desenvolver-se na praça superior do mercado municipal, confrontando com o edifício do Palácio da Justiça e a Praça da Galiza, consiste na construção de um grande auditório polivalente com capacidade para 408 lugares, oito dos quais destinados a pessoas com deficiência motora.



Para o autarca socialista, a empreitada agora iniciada representa a “oportunidade de dar continuidade a um projeto do Partido Socialista interrompido em 2013” [ano em que o PS perdeu a autarquia para o movimento

independente Pensar Cerveira-Pence].

A obra é cofinanciada, em cerca de 1,8 milhões de euros pelo Programa Operacional Regional do Norte 2020, através de um fundo FEDER.

Bandas de Viana juntam-se para homenagear influente guitarrista que morreu aos 31 anos

Seis bandas de Viana do Castelo vão-se juntar em palco para homenagear Jaime Coutinho, influente guitarrista da cena musical mais pesada nacional que morreu em 2020, aos 31 anos. Mr. Miyagi, a banda mais célebre do músico vianense, será o maior destaque do concerto de 31 de outubro. Realiza-se no café concerto do Teatro Municipal Sá de Miranda e a entrada é livre.

Mr. Miyagi, The Walking Dead, The Dead Academy, Mother Abyss, Freeloader e U.D.M. juntam-se num concerto especial para lembrar o guitarrista que esteve a ligado aos seis projetos que vão subir a palco. Os con-



certos realizam-se no café concerto do Teatro Sá de Miranda, um local também especial, uma vez que era onde os membros das bandas organizavam concertos “há cerca de 15 anos”.

FORO A PENEIRA DO ALTO MINHO

Miguel Alves, vai para o governo

O presidente da Câmara de Caminha, Miguel Alves, vai ser secretário de Estado Adjunto do primeiro-ministro, sendo que a tomada de posse se realizou na passado 16 de setembro, pelas 19:30, no Palácio de Belém.

Miguel Alves, natural de Lisboa e licenciado pela Faculdade de Direito da Universidade de Coimbra, é um dos dirigentes socialistas mais próximos do atual líder do executivo e a sua entrada na equipa de António Costa destina-se a reforçar a coordenação política do Governo.

No anterior Governo, as funções de secretário de Estado Adjunto do primeiro-ministro foram desempenhadas por Tiago Antunes, que neste executivo transitou para o cargo de secretário de



Estado dos Assuntos Europeus. Com a formação do novo Governo, em abril passado, António Costa optou por não ter na orgânica do seu executivo as funções de secretário de Estado Adjunto do primeiro-ministro, solução que agora retoma.

Miguel Alves tem uma pós-graduação em Direito do Trabalho pela Universidade Moderna do Porto e foi presidente da Câmara Municipal de Caminha desde

2013, estando no seu terceiro mandato. Foi adjunto de António Costa como presidente da Câmara Municipal de Lisboa (entre agosto de 2007 e outubro de 2009), mas também enquanto ministro de Estado e da Administração Interna (entre janeiro de 2006 e maio de 2007). Miguel Alves é atualmente presidente do Conselho Regional do Norte, membro efetivo do Comité das Regiões, membro suplente do Conselho Geral da Associação Nacional de Municípios Portugueses e presidente da Comissão Distrital de Proteção Civil de Viana do Castelo. De acordo com a nota curricular do Governo, foi presidente da Assembleia Magna da Associação Académica de Coimbra e presidente da Associação Nacional de Jovens Advogados.

Rui Lages já é o novo Presidente da Câmara de Caminha

O novo presidente da Câmara Municipal de Caminha dirigiu a primeira reunião do executivo, assumindo que desenvolverá uma presidência de proximidade. Rui Lages promete retomar as reuniões descentralizadas nas freguesias, o atendimento em Vila Praia de Âncora e relançar posto móvel de atendimento ao munícipe.

Rui Lages assume a presidência da autarquia aos 34 anos, após a renúncia de Miguel Alves, que foi nomeado recentemente para Secretário de Estado Adjunto do Primeiro Ministro de Portugal, António Costa.

Para o ex-vice presidente da câmara, este é um desafio que abraça “com muita energia e dedicação, com responsabilidade e elevado dever de serviço público”. No início da reunião do



ordinária do executivo foi também empossado um novo vereador, João Pinto, o quinto elemento da lista do Partido Socialista, vencedora nas últimas eleições autárquicas.

Frisando que a proximidade com a população será “ponto de honra” nas novas funções, o Presidente da Câmara anunciou a retoma das reuniões de Câmara

descentralizadas pelas freguesias do concelho, ao ritmo de uma reunião em cada mês. No sentido ainda da proximidade, Rui Lages anunciou que fará atendimentos no Gabinete de Apoio ao Município, em Vila Praia de Âncora, com início já em outubro. O presidente revelou ainda que será relançado o posto móvel de atendimento ao munícipe.

Começou a ser construída rotunda em ‘ponto negro’

Iniciaram as obras no cruzamento de S. Pedro, em Monção, anunciou hoje a autarquia. Este ‘ponto negro’ na Estrada Nacional 202, em Monção, será transformado numa rotunda.

A intervenção prevista, cujo prazo de execução são 150 dias, tem como objetivo a melhoria das condições de segurança e acessibilidade daquele local em que se registaram vários acidentes, muitos deles graves, e cuja intervenção era há muito reclamada pela população.

Os trabalhos englobam a re-

moção da atual passagem superior de peões existente no local, bem como a implantação de passeios sobrelevados necessários à circulação de peões e à realização de atravessamentos na rotunda, incluindo passeadeiras.

Após assinatura de contrato, no dia 11 de agosto, e consignação da obra, no dia 19 de setembro. Os primeiros trabalhos da futura rotunda de S. Pedro, a cargo da empresa “Predilethes – Construções, Lda”, pelo valor de 749.854,86 euros iniciaram-se hoje com a montagem do estaleiro.

Incubadora de Empresas nasce em antigo armazém da CP



A Câmara de Monção informou que a inauguração do “Monção Habitat Criativo – Incubadora de Empresas” vai realizar-se a 5 de outubro, feriado nacional, às 16:30.

“Este espaço permitirá que os jovens empreendedores possam iniciar a sua atividade profissional a custos reduzidos e num ambiente favorável à criatividade e partilha de projetos e ideias”, afirmou o presidente da Câmara de Monção,

António Barbosa.

A autarquia adianta que “o novo equipamento, criado num antigo armazém da CP, tem como objetivo apoiar os jovens empreendedores no processo de desenvolvimento e consolidação das suas atividades profissionais, visando dinamizar e diversificar a economia local”.

Os trabalhos de reconversão representaram um investimento superior a 200 mil euros.

**PUBLICITE
AQUI**

(00351) 960 069 934
comercial.pt@novasdoeixoatlantico.com

GADIS DÁCHE MÁIS

AGASALLO SEGURO ALTOFALANTE PORTÁTIL



Consígueo gratis acumulando
tickets por valor de 300 € desde
o día 1 ata o 28 de outubro.

Non aplicable a gadislina.com

GADIS

Doces típicos dos 24 municípios do Minho para provar

Entre os dias 07 e 09 de outubro, a Praça da República e a Porta Mexia Galvão, em Viana do Castelo, acolhem o evento “Doces do Minho”, com doçaria típica de 24 municípios.

A autarquia adianta que a iniciativa inclui mostra de doces, workshop, música, dança e animação e está inserida na iniciativa Jornadas Gastronómicas do Minho, promovida pela CIM Alto Minho, CIM Cávado e CIM Ave, de modo a trazer ao público o que de melhor se ‘põe à mesa no Minho’.

Ao longo dos três dias, a Praça da República vai acolher um Mercado, num espaço destinado a exposição, degustação e venda dos doces tradicionais. Estará disponível um Palco na Praça que, ao longo do evento, vai receber jovens bandas musicais, grupos de dança e DJs. A Porta Mexia Galvão vai receber ‘showcookings’, em espaços que



pretendem apresentar aos participantes a pastelaria tradicional e suas técnicas, respeitando as regras de qualidade, de higiene e de segurança alimentar e o valor da certificação dos doces tradicionais.

O evento integra igualmente um Moinho Aberto, dia 08 de outubro, no Moinho de Carreço, atividade que tem como objetivo mostrar o processo tradicional da moagem do grão até ser obtida a farinha, destacando

este produto importante na confeção dos doces tradicionais.

Estará ainda disponível Animação de Rua e atividades para os mais pequenos sempre sobre o tema pastelaria e doces tradicionais.

Depois, dias 21, 22 e 23 de outubro, será a vez de Braga acolher o evento Minho Gastronómico, tendo como destaque o Peixe. A iniciativa encerra em Guimarães a 4, 5 e 6 de novembro, incidindo em Carne e Caldos.

Em outubro há ‘Foda’ em Monção



São dois fins de semana no mês do Cordeiro à Moda de Monção, prato típico do Alto Minho popularmente conhecido como “Foda à Monção”. Em outubro, vários restaurantes de Monção dedicam o prato a quem os visita, nos fins de semana de 08/09 e 15/16, anunciou a autarquia.

“Comer bem, em Monção, não é novidade, é apenas uma forma de exprimir todo o afeto por quem nos visita e uma forma de

gravar memórias, na lembrança da gente que pisa um território extraordinariamente rico em gastronomia”, descreve a Câmara.

Reconhecido como uma das “7 Maravilhas Gastronómicas de Portugal”, o prato é, salienta a autarquia, “acima de tudo, um convite para uma experiência sensorial singular e uma forma de sentir, através do paladar, todo o carinho, respeito e hospitalidade que este povo e este território dedicam a quem o visita”.



LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291